

Ana Alonso, unha atleta das “catro magníficas” do Cotarelo

Ana Alonso Rodríguez *naceu o 28 de novembro de 1989, estudou Primaria no C.E.I.P. da Escardia. Na actualidade está cursando 2º da E.S.O. no noso Instituto.*

¿Por que decidiches facer atletismo?

Porque necesitaba facer algún deporte polo problema do asma, e aínda que o atletismo non era o máis recomendable, gustábame moito.

¿Canto tempo levas practicando este deporte?

Levo seis anos, empecei a practicalo cando tiña sete.

¿Cantas horas lle dedicas ós adestramentos?

Adestro dúas horas diarias e dedícolle cinco ou seis días á semana.

¿Pensas que o atletismo en Arousa está ben promovido?

Non, eu penso que por parte da Fundación Pública Deportiva Municipal de Vilagarcía, non se lle presta toda a atención que sería desexable, pero a pesares desto saímos adiante.

¿Ata onde pensas chegar neste deporte?

A miña meta agora mesmo é a de chegar a disputar este ano os campionatos de España na modalidade de xavelina, xa que o ano pasado quedei a catro metros da marca mínima, quedando subcampiona galega.

¿A que atleta admiras?

Admiro a Gustavo (lanzador de xavelina), para min é o mellor, é campión de España e estivo nos últimos campionatos do mundo.



¿Qué opinión téas das novas pistas de Fontecarmoa?

Están moi ben, gracias a elas os atletas de Vilagarcía podemos adestrar máis a fondo, o único malo que ten é que nalgúns momentos temos que comparti-lo estadio con outras disciplinas deportivas, o que interfere no noso adestramento.

¿Quen son os teus adestradores?

Javier López, Adela e Ana. Con cada un deles adestro disciplinas distintas en diferentes días.

¿Tés algún alcume ou algo que che chamen os compañeiros?

Chámanme “Nita” polo “nic” do “chat”.

A parte do atletismo co Liceo, practicou taekwondo e agora fai baile galego

¿Qué é o que peor levas do atletismo?

Os saltos, máis en concreto a altura e a pértega, pero todo se consegue insistindo.

¿Levas algunha dieta especial?

Non, como de todo.

¿Practicas algún outro deporte?

Si, baile galego.

¿Gústache a música? ¿Cantantes ou grupos favoritos?

Gústame a maioría da música, aínda que polo de agora os meus favoritos son Eminem, Upa Dance.

¿Qué programas de televisión soes ver?

“Un paso a delante”, “Hospital Central” e “Policías en el corazón de la calle”.

¿Cal foi a película de cine que máis che gustou?

“School Kin” e “Vacaciones en Jamaica”.

¿Es afeccionada á lectura? Dime un libro que che impresionara.

Esta non é unha das miñas actividades favoritas.

¿Qué botas de menos na comarca para a xuventude?

Máis tendas de roupa e tamén me gustaría que se fixeran máis carreiras populares e campionatos federados.

¿Qué che gustaría ser no futuro?

Ser unha deportista de elite e defender a España nos campionatos europeos e mundiais.

Aparte do atletismo, ¿tés algún deportista ó que admires?

Practicaba taekwondo cando era pequena pero deixeiño porque prefería xogar cos meus amigos, pero agora sinto telo deixado porque me gusta moito, aínda quen non tanto como o atletismo.

¿Qué opinas do BOLETÍN DEPORTIVO?

É unha idea bastante orixinal e desta forma podemos coñecer un pouco máis tódolos diferentes tipos de deporte que os nosos compañeiros practican.

¿Qué tal vas nos estudos?

Pois ... tirando, aínda que en realidade non me estou esforzando moito. De tódolos xeitos tratarei de recupera-lo tempo perdido.

¿Qué triunfos levas acadados polo de agora no atletismo?

En cross, o noso equipo foi varias veces campión, eramos alevíns de segundo ano cando quedamos campiónas provinciais e campiónas galegas. O ano seguinte voltamos a quedar campiónas provinciais e acadámo-lo campionato galego.

En pista, este ano, quedamos terceiros nos provinciais por equipos, e pouco máis pois aínda non encomezou ó aire libre. Na actualidade, son subcampióna galega de xavelina con 25'12 metros e non fun ós campionatos de España por catro metros